



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 ACoruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XVI OPEN DE ESPAÑA

"PRESIDENTE DA XUNTA"

COUTOS DE O CARBALLIÑO E BARBANTIÑO SEN MORTE
SALMÓNIDOS LANCE E MOSCA
RÍOS ARENTEIRO E BARBANTIÑO

7 e 8 de SETEMBRO de 2019

PROGRAMA

SÁBADO DÍA 7 SETEMBRO

- 13:30** Concentración e recepción dos participantes e acompañantes no Hotel Derby (O Carballiño). Distribución de habitacións.
- 14:00** Xantar no restaurante Derby
- 15:30** Reunión Delegados e sorteo de postos.
- 16:00** Saída cara os postos de pesca.
- 17:00** Actividade educativa para Benxamíns e Infantís: Visita á Piscifactoría de O Carballiño. Inicio da **competición para Xuvenís de Lance e para Mosca: 1ª Manga.**
- 19:30** Fin da manga.
- 20:30** Publicación das clasificacións.
- 21:00** Cea.

DOMINGO DÍA 8 SETEMBRO

- 08:00** Almorzo.
- 08:30** Concentración dos participantes. Sorteo de postos no Hotel.
- 09:00** Saída cara os postos de pesca.
- 10:00** Inicio da **competición para Benxamíns e Infantís (Manga única).**
Inicio da **competición para Xuvenís de Lance e para Mosca: 2ª Manga.**
- 12:30** Fin da proba. Volta ó punto de concentración no Hotel.
- 13:00** Publicación das clasificacións.
- 13:30** Entrega de premios das respectivas competicións do Open Presidente da Xunta.
- 14:30** Xantar Restaurante Derby.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 ACoruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



BASES

A Competición desenvolverase nas seguintes categorías:

- BENXAMÍN**: Ata os 11 anos, cumpridos no ano da competición.
- INFANTÍS**: Máis de 11 anos e ata os 14 anos, cumpridos no ano da competición.
- XUVENÍS**: Máis de 14 anos e ata os 18, cumpridos no ano da competición.

-Para a modalidade de mosca (cola de rata) os competidores entrarán todos nunha categoría única.

O Comité determinou que o Campionato se desenvolverá a culleriña e mosca con buldó (máximo 3 moscas) na competición de Lance, e cola de rata na de Mosca. Os anzois, tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha ó desanzolado.

As capturas, unha vez medidas polo control, serán devoltas vivas ao seu medio. A Organización proverá ós deportistas do correspondente medidor. Serán válidas tódalas capturas.

O non previsto nestas normas rexerese polo Regulamento de Competición da Federación Española de Pesca y Cásting, e medidas que se establezan na reunión de Delegados e polo propio Xurado da Competición.

A fin de garantir a seguridade dos menores, na categoría benxamín, poderá esixirse a presenza de algún familiar do participante durante o tempo que dure a competición.

- **Na modalidade de lance CADA CLUB deberá aportar unha persoa para realizar labores de control.**
- **Na modalidade de mosca CADA PARTICIPANTE deberá traer unha persoa para facer as labores de control.**

Aos controladores recoméndaselles traer vadeador ou roupa resistente e botas.

A organización adoptará as medidas que salvagarden a responsabilidade non deportiva dos Organizadores, en particular esixírase autorización por escrito dos pais ou representantes legais dos participantes. Todos os participantes deben estar en posesión da correspondente licenza federativa e da licenza galega ou interautonómica de pesca fluvial en vigor.

A inscrición, aloxamento e manutención son totalmente gratuitos para os rapaces, para os controladores e para un monitor ou delegado por cada cinco participantes de cada club. Para os acompañantes a maiores existe a posibilidade de aloxarse e comer no mesmo Hotel



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 ACoruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



pagando unha cota de **50 €**. Para facer a reserva deberán de ingresara cota no momento da inscrición, na conta da F.G.P. nº **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**.

Tódolos participantes, controladores, monitores e acompañantes extra deberán formalizar a súa inscrición e confirmar a súa participación, antes do **domingo 25 de Agosto de 2019 ás 24:00 horas**, ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org.

Se algún club necesita transporte par seus deportistas, controladores e monitores, que se poña en contacto co Delegado de Ourense ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org para xestionar a contratación do transporte.

O primeiro clasificado da especialidade de mosca, xunto cos tres primeiros clasificados do campionato autonómico de salmónidos mosca xuventude de 2020, formarán o equipo que representará a nosa Comunidade no campionato nacional da especialidade 2020 no caso de que Galicia participe.

Asinado: Javier Méndez Alonso
Presidente do Comité de Salmónidos da FGP